

Luz de *Ramiro*

Versos que tanto doen

ROMÁN RAÑA

Éme imposíbel falar de Ramiro Fonte con distancia, desapegar a súa vida da súa poesía, até tal punto as dúas foron sempre da man á eternidade, afastar os signos escritos, o alfabeto dos soños daquel que os xerou, do seu alento e o seu talento en rara comunión de letra e vida. Éme imposíbel falar de Ramiro Fonte afastándoo do tempo común que nos uniu, das lembranzas comúns que a vida foi tecendo: os recitais de voz emocionada pola xeografía do país; as veladas a carón de Elsa que xiraban sempre arredor do divino e do humano, de asuntos celestes e terrestres, transcendentales e triviais. A ironía e o sarcasmo poboaban as súas palabras cando se refería á música ou á pintura, especialmente polo extravío desta última devorada polo furor mercantil e pola impostura dos vendedores de feira. Dialogaba con vehemencia cando o tema era poético. Adoraba a Baudelaire e a Rosalía e ultimamente sentía unha grandísima predilección por Ramón Cabanillas.

Será necesario repouso para estudar a súa obra poética ao pormenor e condensar a grandeza do seu estro. Eu manteño, sen dúbida, que toda a súa produción constitúe un fito na historia das nosas letras. Tamén agregaría que todo o seu corpus se alicerza na perda da inocencia. Foi esa a fulgurante obsesión que traspasaba os seus mellores versos. E, tamén, a continua inquisición sobre a perda da infancia. Non hai resignación nisto que digo, só asombro. Asombro polos anos que se van e que se abren paso na conciencia dun poeta sensible á súa fuxida. A súa actitude, en consecuencia, consistiu en captar a turbadora substancia da vida: “As rebelións máis puras e terribles/Son aquelas que nacen da inocencia/E están teimosamente condenadas/A ser perdidas/E son por iso aínda máis fermosas.”

Mesmo desde unha lectura desatenta asómbra-nos a prodixiosa musicalidade que aniña nas súas composicións, o caudaloso impulso que nos leva, pola sintaxe das imaxes e dos tropos, ao anverso e ao reverso da nosa condición

humana, ao desexo, á fendedura da razón que nace ao constatar que aquilo que máis se amou se foi perdendo. Por iso temos que botar man do termo melancólico para definir o ton que impera nos seus libros maiores (case todos os saídos da súa pluma o son). Aínda que esa melancolía pode acabar sendo eminentemente irónica (O cazador de libros) o u

evocadora do tempo que fuxiu (Pasa un segredo): “Quizais fosen mellores/Os nosos corazóns cando eran fráxiles/E algún golpe de mar, ou a noite de xullo/Poderán abrírlles tan caladas feridas/Que agora, e para sempre, charemos nostalxias.”

unha asunción da soidade, un éxtase silen-

cioso, un arroubo de raíz mística. O que hai nel é a saudade da súa orixe, un ir cara ás zonas do pretérito imperfecto e mergullarse nel para atopar o mapa do tesouro da nenez perdida, da adolescencia solar, do amor primeiro, da primeira mazá mordida no Paraíso. Os poetas, só os poetas, posúen ese don deslumbrante de facernos sentir a emoción primixenia de sermos donos da vida, de sermos eternamente mozos namorados.

De igual modo, a prosa máis perenne de Ramiro é aquela que mana do seu corazón estremecido. En Os meus ollos reviviu con man de ourive a infancia en Pontedeume e o que podería resultar unha natureza mínima, un microcosmo de breve extensión, acaba converténdose, por obra e graza do seu enxeño, nun universo sentimental de dimensións incalculábeis. Para confirmalo bastaría ler calquera liña dese libro ou este poema de Adeus Norte, que non podo resistirme a reproducir totalmente, tan cheo está de luz e de nostalxia, como toda a poesía de Ramiro.

O poeta recorda algún lugar do Sur

*Se os deuses permitisen
Furtar algún lugar entre os que dormen
A carón deses días que demos,
impacientes,
Aos calendarios grises dos olvidos
Para sen nós vivir, en desamparo,
Da memoria e da vida,
Diría que alí foi, nese cativo patio
No que medran na noite as laranxeiras
E prende no aire inmenso
O arrecendo do azahar, onde quixera
Volver para sentirme
O máis feliz dos grandes viaxeiros.
Digo quizais porque este vento norte
Pon demasiada luz nesta cidade,
Neste mar bretemoso,
Nesta terra de nós que tanto doe
Coma os seus homes vellos.
Se os deuses permitisen
Soñar alá contigo, partiría.*



ENTREVISTA CON
JOSÉ ARGIBAY, “LA FÁBRICA
DE CHOCOLATE”/ Páx. III



MOSTRA: “7+1 PROJECT
ROOMS” NO MARCO/ Páx. VI



TEATRO: GUSTAVO PERNAS E
“TARAS MÍNIMAS”/ Páx. VIII

